

# MONSTRO

Hirokazu Koreeda, 2023

# 1175

ESTREA EN NUMAX: 29.09.2023 | V.O.S.E. | +12 | 126 min

Cando o seu fillo Minato empeza a comportarse de maneira estraña, a súa nai sente que algo vai mal. Ao descubrir que o responsable de todo isto é un profesor, irrompe na escola esixindo saber que está a pasar. Pero a medida que a historia se desenvolve a través dos ollos da nai, o profesor e o neno, a verdade vai saíndo á luz, pouco a pouco...

«Brillante Koreeda en contra, a favor e a pesar da familia»

Luis Martínez, EL MUNDO



## Un drama coral de Koreeda

Por Manu Yáñez

Hirokazu Koreeda erixiu a súa filmografía en torno á aproximación humanista e sem prexuízos ás numerosas lacras sociais que azoutan a nación xaponesa, do abandono infantil de *Ninguén sabe* (2004) á alienación urbana de *Air Doll* (2009), pasando pola inoperancia do sistema de adopcións en *De tal pai, tal fillo* (2013). Pola súa mirada ao universo da pequena criminalidade e ás disfuncións familiares en *Un asunto de familia* (2018), o cineasta nipón levou a Palma de Ouro do Festival de Cannes, galardón ao que volve aspirar este ano con *Monstro*, unha obra que, pola amplitude do seu radio de acción temático, se antolla unha das máis ambiciosas do seu director.

A estrutura narrativa pola que opta Koreeda á hora de abranguer unha multitude de problemáticas sociais é a do xogo de perspectivas, á maneira da referencial *Rashomon* (Akira Kurosawa, 1950). Así, o que inicialmente se presenta como a odisea dunha nai viúva que debe lidar cos problemas escolares do seu fillo preadolescente vaise ampliando ata acoller media ducia de personaxes que van completando un melodramático quebracabezas narrativo. As temáticas non deixan de aflorar nun relato expansivo que vai golpeando os seus personaxes de forma inclemente. Aí está o machismo dunha cultura que educa os seus nenos para ser “homes de verdade”, tamén o medo das institucións ao ver posta en dúbida a súa reputación, ou a perda de confianza dos pais cara a comunidade educativa, pasando polo alcolismo, o maltrato infantil, o *bullying*, a difusión de loiyadas nas redes sociais... Aínda hai máis, pero vale a pena non destapar os segredos dunha trama que busca sorprender o espectador en cada cambio de punto de vista, unha estratexia que Koreeda xa ensaiara na máis estimulante e enigmática *O terceiro asasinato* (2017).

(...) *Monstro* apouséntase de forma harmónica no universo de Koreeda, a quen sempre lle interesou retratar dun modo empático figuras esquecidas ou vilipendiadas pola sociedade. Neste caso, e por quendas, diferentes personaxes van tachando de “monstros” uns nenos apesados, unha nai confundida, un profesor apoucado, unha directora de escola demasiado hermética ou toda unha comunidade abocada á paranoia e a incomunicación. Unha verdadeira ensalada de penurias que converte *Monstro* nunha curmá distante de obras como *Crash* de Paul Haggis (2004) ou os melodramas corais da dupla que formaron Alejandro G. Iñárritu e Guillermo Arriaga. Demasiada miseria para que Koreeda poida facer realidade o seu nobre desexo de humanizar un conxunto de personaxes aos que lles toca expiar os pecados dunha sociedade sumida nun pozo moral que non parece ter fondo.

Publicado en fotogramas.es  
Tradución do español.



Na librería  
NUMAX  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Un asunto de familia*,  
Hirokazu Koreeda.  
Cameo [DVD]

*Hirokazu Koreeda*,  
Miguel Muñoz Garnica.  
Cátedra, 2022

*Rashômon*,  
Akira Kurosawa.  
a contracorrientefilms [DVD]